



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ORDES E A "A.C. ÓRDENES" PARA ESTABLECER AS CONDICIÓN E COMPROMISOS APLICABLES Á SUBVENCIÓN PREVISTA CON CARÁCTER NOMINATIVO NOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO 2015.

Na Casa Consistorial do Concello de Ordes, a 27 de marzo de 2015

REUNIDOS

Dunha parte D. Manuel Regos Boquete, con D.N.I. nº 76331293C, en calidade de alcalde-presidente do Concello de Ordes, con CIF nº P1506000G, cargo que ostenta en virtude de acordo do Pleno corporativo adoptado en sesión celebrada o 11 de xuño de 2011, en nome e representación do mesmo.

Doutra D^a María Jesús García Prieto, con D.N.I. nº 34970842D, en calidade de presidente da "A.C. Órdenes", con NIF G15894272, cargo que desempeña en virtude de acordo adoptado en sesión celebrada o 12 de agosto de 2013, segundo acredita documentalmente, en nome e representación da mesma.

EXPOÑEN

1. O artigo 43.3 da Constitución Española establece que "os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo facilitarán a axeitada utilización do ocio".
2. O artigo 25.2, letra "1", da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón que "O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) 1. Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

Así mesmo, o artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, indica que "O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da comunidade Autónoma nas seguintes materias: (...) n) As actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo de lecer e o turismo".

3. A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, indica no seu artigo 4 que "No ámbito das súas respectivas competencias, as administracións públicas galegas fomentarán a práctica do deporte conforme os seguintes principios:

- a) O fomento e a protección do dereito ao coñecemento e á práctica do deporte, así como a divulgación dos beneficios inherentes a este para a súa máxima xeneralización.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- b) A promoción do deporte en sectores sociais especiais por razón de idade, condición física ou psíquica, ou situación persoal.
 - c) A adecuada utilización do medio natural para a práctica deportiva, e a súa compatibilización coa protección do medio ambiente.
 - d) A promoción e difusión do deporte galego nos ámbitos supraautonómicos, así como da participación das seleccións galegas nestes.
 - e) A promoción e difusión do coñecemento e do ensino do deporte, con atención especialmente á práctica deportiva en idade escolar e universitaria.
 - f) O fomento do asociacionismo deportivo.
 - g) A promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas e demais entidades con competencia en materia de deporte.
 - h) A incentivación da colaboración e do patrocinio privados no ámbito deportivo.
 - i) O fomento dunha adecuada protección, asistencia médica e sanitaria dos deportistas, así como o control das medidas de seguridade e salubridade das instalacións deportivas.
 - j) A planificación e promoción dunha rede de instalacións deportivas que posibilite a xeneralización práctica da actividade deportiva.
 - k) O impulso e a coordinación da formación, da investigación científica e do desenvolvemento tecnolóxico do deporte.
 - l) A colaboración na erradicación da violencia no deporte, o fomento do xogo limpo, así como a loita contra o uso e manexo de substancias prohibidas destinadas a alterar artificialmente o rendemento dos deportistas.
 - m) A promoción da cualificación e regulación profesional no deporte.
4. O artigo 8 da mencionada Lei establece que "Os municipios, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:
- 1. Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.
 - 2. Promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa





CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.

3. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.
4. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.
5. Fomentar e apoiar a creación de asociacións deportivas no seu ámbito territorial, especialmente nos centros de ensino, barrios e centros de traballo.
6. Procurar que nos plans de ordenación urbanística se establezan as reservas de espazos e cualificacións de zonas para a práctica do deporte, así como a instalación de equipamentos deportivos e levar un censo actualizado no seu ámbito territorial de instalacións deportivas de uso público, tanto de titularidade pública coma privada.
7. Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal.
8. Organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local.
9. Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa aos fins ou obxectivos desta lei.
10. Os concellos de máis de 5.000 habitantes contarán cunha área de deportes, que poderá ser mancomunada, para contribuír a achegar a actividade físico-deportiva a toda a cidadanía e garantir o pleno aproveitamento social das instalacións

5. O artigo 45 da Lei do Deporte de Galicia indica que Son clubs deportivos, para os efectos desta lei, as asociacións privadas con personalidade xurídica e capacidade de obrar, sen ánimo de lucro, integradas por persoas físicas ou xurídicas, que teñan como obxecto exclusivo ou principal a práctica dunha ou varias modalidades ou especialidades deportivas polos seus asociados, así como a participación en actividades e competicións oficiais.





CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

O A.C.Órdenes figura inscrita no rexistro de entidades deportivas de Galicia co número C-7787.

6. De acordo co disposto no artigo 23.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955, as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local.
7. O Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, no seu artigo 232.1 dispón que "na medida en que o permitan os recursos orzados, o Concello poderá subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que realicen.
8. Que as axudas e as subvencións forman parte da actividade de fomento que a Administración pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que cooperen á satisfacción de necesidades e intereses propios da comunidade veciñal.
9. Que nas bases de execución dos orzamentos para 2015 recóllese nominativamente a favor da A.C.Órdenes unha subvención, por importe de 12.000,00 €, para actividades deportivas. A partida orzamentaria de imputación é a 340.480.00.
10. Que D^a María Jesús García Prieto, declara baixo a súa responsabilidade que a A.C. Órdenes cumpre cos requisitos que sinala o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
11. Que A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 26/03/2015 aprobou o gasto e o texto do presente convenio, previa acreditación documental por parte da A.C. Órdenes de que se está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que recoñecéndose mutuamente as partes competencia e capacidade para subscribir o presente convenio, sendo de interese para ámbalas dúas partes o fomento do deporte e da práctica deportiva, como manifestación cultural e actividade de interese xeral que cumpre unha función social e como factor que mellora a saúde, aumenta a calidade de vida e o benestar social, contribuíndo á formación e desenvolvemento integral da persoa, e aos efectos de establecer as condicións xerais da intervención de cada unha delas formalízase o presente con arranxo ás seguintes



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO.

O Concello de Ordes, a través da Xunta de Goberno Local (órgano concedente) concede de forma directa unha subvención á A.C.Órdenes (entidade beneficiaria) para o financiamento da participación do Club nas competicións oficiais e mantemento das seccións inferiores.

SEGUNDA.- ACHEGA ECONÓMICA.

O Concello de Ordes comprométese a aportar a cantidade máxima de DOCE MIL EUROS (12.000,00 €), previamente consignados na partida 340.480.00 dos seus orzamentos para o exercicio 2015.

O coeficiente de financiamento é do 100%, co límite sinalado no parágrafo anterior. a subvención outorgada é compatible coa percepción de calquera outra subvención ou axudas públicas ou privadas, sempre que o seu importe, xuntamente coa achega municipal, non supere en caso ningún o importe total do gasto xustificado.

A achega da dita contía efectuarase anticipadamente, toda vez que o proxecto xa foi elaborado. Non se esixe, así mesmo, garantía algunha para responder do anticipo.

TERCEIRA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO.

Son obrigas do beneficiario as sinaladas no artigo 14 da LXS e, en particular, as seguintes:

1. Destinar integramente a axuda recibida ao fin para o que se concede.
2. Executar a actividade para a cal concedeuse a subvención.
3. Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento da actividade desenvolvida. Para tal efecto deberá facer constar na súa páxina web, en todo caso, o escudo do Concello de Ordes, así como nos folletos e carteis informativos que edite. Deberá, así mesmo, reflectir o anagrama do Concello nas equipacións.
4. Xustificar a aplicación dos fondos recibidos mediante a conta xustificativa simplificada regulada no artigo 75 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Para tales efectos deberá achegar:
 - o Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, de ser o caso, data de pago.
- Un detalle de doutros ingresos ou subvenciones que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, ou ben declaración responsable da súa inexistencia.
- De ser o caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados dos mesmos.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitativo respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo establecido no presente Convenio. En particular, e sen ánimo exhaustivo, serán subvencionables os seguintes:

- Material deportivo funxible.
- Gastos de desprazamento.
- Fichas federativas.
- Gastos de arbitraje.
- Seguros.
- Gastos de persoal (adestradores, fisioterapeutas, utilleros, ...).

Os gastos deberán corresponder ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2015 e a data máxima de xustificación, sendo esta o 15 de decembro de 2015.

QUINTA.- PAGAMENTO.

O pagamento do 50% da subvención farase no prazo máximo dun mes a contar desde a sinatura do presente convenio como financiamento para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. O restante 50% farese efectivo o pago unha vez presentada a xustificación da subvención.

O dito pago terá o carácter de "a conta", polo que en todo caso o beneficiario deberá presentar a xustificación a cal refírese a cláusula terceira.

SEXTA.- SUPERVISIÓN DO CONVENIO.

O Concello de Ordes ten a potestade irrenunciabile de efectuar o control de aplicación das subvencións e axudas económicas de calquera tipo que se outorguen, co fin de comprobar fidedignamente que se investiu nos fins para os cales outorgouse.

O órgano competente para aprobar a conta xustificativa da aplicación dos fondos é o alcalde-presidente.



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Poderán dar lugar ao vencemento, mediante resolución do presente convenio, as seguintes causas:

- a) Non destinar por parte da Asociación as achegas recibidas obxecto deste convenio para a finalidade que se concede.
- b) A suspensión definitiva das actividades da entidade, así como a súa suspensión temporal por prazo superior a seis meses no exercicio natural.
- c) O incumprimento de xustificar mediante a correspondente documentación os gastos realizadas con cargo ás achegas económicas obxecto deste convenio, sen prexuízo, de esixir as responsabilidades nas que se incorra segundo a lexislación vixente.
- d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión.
- e) En xeral calquera outro incumprimento pola entidade das obrigas asumidas en virtude do presente documento e que se consideren moi graves.

Caso de incoarse expediente para a resolución do presente convenio por causa non imputable ao Concello de Ordes, esixirase polos servizos económicos o reintegro das cantidades percibidas, e no seu caso, os xuros de demora ao legal correspondente.

SEXTA.- ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

O presente entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia até o 15 de decembro de 2015.

En todo o non contemplado no presente convenio estarase ao disposto na Lei Xeral de Subvenciones e a súa normativa de desenvolvemento.

Así o conveñen e, en proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente documento por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.





CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ORDES E A "S.D. CLUB ÓRDENES" PARA ESTABLECER AS CONDICIÓN E COMPROMISOS APLICABLES Á SUBVENCIÓN PREVISTA CON CARÁCTER NOMINATIVO NOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO 2015.

Na Casa Consistorial do Concello de Ordes, a 10 de abril de 2015

REUNIDOS

Dunha parte D. Manuel Regos Boquete, con D.N.I. nº 76331293C, en calidade de alcalde-presidente do Concello de Ordes, con CIF nº P1506000G, cargo que ostenta en virtude de acordo do Pleno corporativo adoptado en sesión celebrada o 11 de xuño de 2011, en nome e representación do mesmo.

Doutra D. Roberto Rama Mira, con D.N.I. nº 79318240A, en calidade de presidente da "S.D. Club Órdenes", con NIF G15127780, cargo que desempeña en virtude de acordo adoptado en sesión celebrada 8 de outubro de 2014, segundo acredita documentalmente, en nome e representación da mesma.

EXPOÑEN

1. O artigo 43.3 da Constitución Española establece que "os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo facilitarán a axeitada utilización do ocio".
2. O artigo 25.2, letra "l", da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón que "O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) l. Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

Así mesmo, o artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, indica que "O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da comunidade Autónoma nas seguintes materias: (...) n) As actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo de lecer e o turismo".

3. A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, indica no seu artigo 4 que "No ámbito das súas respectivas competencias, as administracións públicas galegas fomentarán a práctica do deporte conforme os seguintes principios:
 - a) O fomento e a protección do dereito ao coñecemento e á práctica do deporte, así como a divulgación dos beneficios inherentes a este para a súa máxima xeneralización.





CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- b) A promoción do deporte en sectores sociais especiais por razón de idade, condición física ou psíquica, ou situación persoal.
 - c) A adecuada utilización do medio natural para a práctica deportiva, e a súa compatibilización coa protección do medio ambiente.
 - d) A promoción e difusión do deporte galego nos ámbitos supraautonómicos, así como da participación das seleccións galegas nestes.
 - e) A promoción e difusión do coñecemento e do ensino do deporte, con atención especialmente á práctica deportiva en idade escolar e universitaria.
 - f) O fomento do asociacionismo deportivo.
 - g) A promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas e demais entidades con competencia en materia de deporte.
 - h) A incentivación da colaboración e do patrocinio privados no ámbito deportivo.
 - i) O fomento dunha adecuada protección, asistencia médica e sanitaria dos deportistas, así como o control das medidas de seguridade e salubridade das instalacións deportivas.
 - j) A planificación e promoción dunha rede de instalacións deportivas que posibilite a xeneralización práctica da actividade deportiva.
 - k) O impulso e a coordinación da formación, da investigación científica e do desenvolvemento tecnolóxico do deporte.
 - l) A colaboración na erradicación da violencia no deporte, o fomento do xogo limpo, así como a loita contra o uso e manexo de substancias prohibidas destinadas a alterar artificialmente o rendemento dos deportistas.
 - m) A promoción da cualificación e regulación profesional no deporte.
4. O artigo 8 da mencionada Lei establece que "Os municipios, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:
- 1. Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.





CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

2. Promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.
 3. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.
 4. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.
 5. Fomentar e apoiar a creación de asociacións deportivas no seu ámbito territorial, especialmente nos centros de ensino, barrios e centros de traballo.
 6. Procurar que nos plans de ordenación urbanística se establezan as reservas de espazos e cualificacións de zonas para a práctica do deporte, así como a instalación de equipamentos deportivos e levar un censo actualizado no seu ámbito territorial de instalacións deportivas de uso público, tanto de titularidade pública coma privada.
 7. Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal.
 8. Organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local.
 9. Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa aos fins ou obxectivos desta lei.
 10. Os concellos de máis de 5.000 habitantes contarán cunha área de deportes, que poderá ser mancomunada, para contribuír a achegar a actividade físico-deportiva a toda a cidadanía e garantir o pleno aproveitamento social das instalacións
5. O artigo 45 da Lei do Deporte de Galicia indica que Son clubs deportivos, para os efectos desta lei, as asociacións privadas con personalidade xurídica e capacidade de obrar, sen ánimo de lucro, integradas por persoas físicas ou xurídicas, que teñan como obxecto exclusivo ou principal a práctica dunha ou





CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

varias modalidades ou especialidades deportivas polos seus asociados, así como a participación en actividades e competicións oficiais.

A S.D. Club Órdenes figura inscrita no rexistro de entidades deportivas de Galicia co número C-2774.

6. De acordo co disposto no artigo 23.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955, as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local.
7. O Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, no seu artigo 232.1 dispón que "na medida en que o permitan os recursos orzados, o Concello poderá subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que realicen.
8. Que as axudas e as subvencións forman parte da actividade de fomento que a Administración pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que cooperen á satisfacción de necesidades e intereses propios da comunidade veciñal.
9. Que nas bases de execución dos orzamentos para 2015 recóllese nominativamente a favor da S.D. Club Órdenes unha subvención, por importe de 18.000,00 €, para actividades deportivas. A partida orzamentaria de imputación é a 340.480.00.
10. Que D. Roberto Rama Mira, declara baixo a súa responsabilidade que a S.D. Club Órdenes cumpre cos requisitos que sinala o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
11. Que A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 8/04/2015 aprobou o gasto e o texto do presente convenio, previa acreditación documental por parte da S.D. Club Órdenes de que se está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que recoñecéndose mutuamente as partes competencia e capacidade para subscribir o presente convenio, sendo de interese para ámbalas dúas partes o fomento do deporte e da práctica deportiva, como manifestación cultural e actividade de interese xeral que cumpre unha función social e como factor que mellora a saúde, aumenta a calidade de vida e o benestar social, contribuíndo á formación e desenvolvemento integral da persoa, e aos efectos de establecer as condicións xerais da intervención de cada unha delas formalízase o presente con arranxo ás seguintes



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO.

O Concello de Ordes, a través da Xunta de Goberno Local (órgano concedente) concede de forma directa unha subvención á S.D. Club Órdenes (entidade beneficiaria) para o financiamento da participación do Club nas competicións oficiais e mantemento das seccións inferiores.

SEGUNDA.- ACHEGA ECONÓMICA.

O Concello de Ordes comprométese a aportar a cantidade máxima de DEZAOITO MIL EUROS (18.000,00 €), previamente consignados na partida 340.480.00 dos seus orzamentos para o exercicio 2015.

O coeficiente de financiamento é do 100%, co límite sinalado no parágrafo anterior. a subvención outorgada é compatible coa percepción de calquera outra subvención ou axudas públicas ou privadas, sempre que o seu importe, xuntamente coa achega municipal, non supere en caso ningún o importe total do gasto xustificado.

A achega da dita contía efectuarase anticipadamente, toda vez que o proxecto xa foi elaborado. Non se esixe, así mesmo, garantía algunha para responder do anticipo.

TERCEIRA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO.

Son obrigas do beneficiario as sinaladas no artigo 14 da LXS e, en particular, as seguintes:

1. Destinar integramente a axuda recibida ao fin para o que se concede.
2. Executar a actividade para a cal concedeuse a subvención.
3. Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento da actividade desenvolvida. Para tal efecto deberá facer constar na súa páxina web, en todo caso, o escudo do Concello de Ordes, así como nos folletos e carteis informativos que edite. Deberá, así mesmo, reflectir o anagrama do Concello nas equipacións.
4. Xustificar a aplicación dos fondos recibidos mediante a conta xustificativa simplificada regulada no artigo 75 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Para tales efectos deberá achegar:





CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, de ser o caso, data de pago.
- Un detalle de doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, ou ben declaración responsable da súa inexistencia.
- De ser o caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados dos mesmos.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitable respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo establecido no presente Convenio. En particular, e sen ánimo exhaustivo, serán subvencionables os seguintes:

- Material deportivo funxible.
- Gastos de desprazamento.
- Fichas federativas.
- Gastos de arbitraje.
- Seguros.
- Gastos de persoal (adestradores, fisioterapeutas, utilleros, ...).

Os gastos deberán corresponder ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2015 e a data máxima de xustificación, sendo esta o 15 de decembro de 2015.

QUINTA.- PAGAMENTO.

O pagamento do 50% da subvención farase no prazo máximo dun mes a contar desde a sinatura do presente convenio como financiamento para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. O restante 50% farese efectivo o pago unha vez presentada a xustificación da subvención.

O dito pago terá o carácter de "a conta", polo que en todo caso o beneficiario deberá presentar a xustificación a cal refírese a cláusula terceira.

SEXTA.- SUPERVISIÓN DO CONVENIO.

O Concello de Ordes ten a potestade irrenunciable de efectuar o control de aplicación das subvencións e axudas económicas de calquera tipo que se outorguen, co fin de comprobar fidedignamente que se investiu nos fins para os cales outorgouse.

O órgano competente para aprobar a conta xustificativa da aplicación dos fondos é o alcalde-presidente.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Poderán dar lugar ao vencemento, mediante resolución do presente convenio, as seguintes causas:

- Non destinar por parte da Asociación as achegas recibidas obxecto deste convenio para a finalidade que se concede.
- A suspensión definitiva das actividades da entidade, así como a súa suspensión temporal por prazo superior a seis meses no exercicio natural.
- O incumprimento de xustificar mediante a correspondente documentación os gastos realizadas con cargo ás achegas económicas obxecto deste convenio, sen prexuízo, de esixir as responsabilidades nas que se incorra segundo a lexislación vixente.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión.
- En xeral calquera outro incumprimento pola entidade das obrigas asumidas en virtude do presente documento e que se consideren moi graves.

Caso de incoarse expediente para a resolución do presente convenio por causa non imputable ao Concello de Ordes, esixirase polos servizos económicos o reintegro das cantidades percibidas, e no seu caso, os xuros de demora ao legal correspondente.

SEXTA.- ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

O presente entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia até o 15 de decembro de 2015.

En todo o non contemplado no presente convenio estarase ao disposto na Lei Xeral de Subvenciones e a súa normativa de desenvolvemento.

Así o conveñen e, en proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente documento por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.